


Informe verbo da Serra da *Faladoira* / *Faladora*

Existe vacilación constatada nas fontes escritas e orais na denominación da serra da *Faladora* ou da *Faladoira*, cadea montañosa situada entre os concellos de Ortigueira, Mañón e As Pontes de García Rodríguez, no norte da provincia da Coruña.

Para comprobarmos cal é a forma común entre a veciñanza, comezamos a investigación facendo chamadas telefónicas a habitantes dos concellos de Mañón, Ortigueira e As Pontes de García Rodríguez, por onde se estende esta serra.



Fixéronse 15 chamadas a veciños dos tres concellos, a maioría residente en aldeas moi próximas á serra. O noso obxectivo era falar con persoas que tiveron unha actividade continuada e unha relación intensa coa serra, principalmente pastores.

REAL ACADEMIA GALEGA

No concello de Ortigueira falamos con persoas das aldeas do *Lombao* e *Penavide*, na parroquia dos Devesos¹, e do *Rego dos Sapos* e *San Pedro Grande*, na parroquia das Neves. No concello de Mañón contactamos con persoas de *Casateite*, *A Igrexa* e *Castiñeiras*, na parroquia das Grañas do Sor, e *O Barqueiro*, na parroquia de Mañón. No concello das Pontes, con veciños do *Caxete* e *A Cabana*, na parroquia do Freixo.

As persoas de maior idade, que son as que realmente habitaron e pastorearon a serra, din claramente que é *A Serra Faladora* (para algúns *Serra da Faladora* e para outros simplemente *A Faladora*) e *A Pena Faladora*. A forma *Faladoira* rexistrámola en persoas máis novas. Dos 15 testemuños, 10 dixeron *Faladora* e 5 *Faladoira*.

Algunhas testemuñas aseguran que o nome da serra está motivado polo dun penedo, *A Pena Faladora*, en que o ruído do vento ao pasar por ela emitía sons semellantes a voces.



Figura 1. Imaxe do rochedo que chaman A Pena Faladora, cedida por Bernardo Penabade.

A continuación fixemos unha pescuda cartográfica para ver as formas con que se rexistra nos mapas:

- **1784**, *Mapa Geográfico del Reyno de Galicia: Contiene las provincias de Santiago, Coruña, Betanzos, Lugo, Mondoñedo, Orense y Tuy. Dedicado al Excelentísimo señor Don Joseph Moñino, Conde de Florida-Blanca...* de Tomás López de Vargas: aparece *Peña Faladora*


¹ No *Nomenclátor* de Galicia vixente desde 2003 figura *Devesos*, sen o artigo que se lle engadiu agora na revisión e actualización deste documento. Por tanto, na nova versión do NG aparecerá como *Os Devesos*.

REAL ACADEMIA GALEGA

(aíña que a liña divisoria entre provincias dificulta a lectura e tamén puidera ser *Faladoira*).



- No mapa de Domingo Fontán (*Carta geométrica de Galicia*, presentada en 1834 e impresa 1845) aparece **Sierra de la Faladora**.




REAL ACADEMIA GALEGA

- Mapa de Francisco Coello, 1865, *Atlas de España*, a escala 1:200.000, figura como **Serra de la Faladoira**.




- Plano **Catastrón** (levantamento previo á planimetría do Catastro de 1956 feita á man) de 1943: *Sierra Faladora*.




REAL ACADEMIA GALEGA

Planimetría de 1942. Tomo 064. Ortigueira: aparece *Sierra de la Faladora* e *Faladora* (vértice xeodésico)




- Nos mapas do Instituto Xeográfico Nacional a escala 1:25.000 figura como **Serra da Faladoira, Alto da Faladoira...**




REAL ACADEMIA GALEGA

- Nos mapas do IXN a escala 1:50.000 do ano 1977 figura como **Sierra Faladora** e **Cristo da Faladora**.



- Nos mapas a escala 1:5.000 da Xunta de Galicia aparece como **Serra da Faladoira**, **A Faladoira**... pero tamén hai **Cristo da Faladora**.



REAL ACADEMIA GALEGA


- Nos mapas do exército ([Visor cartográfico militar de España](#)): **Sierra de la Faladoira**.



Vemos, pois, que na cartografía consultada a forma maioritaria nos mapas máis recentes é **Faladoira**, pero alterna coa forma **Faladora** en mapas dos séculos XIX e XX.


A seguir, buscamos atestacións escritas en documentos e bibliografía, que expoñemos por orde cronolóxica:

- **1663**, documentación do mosteiro de Meira (no portal PARES, Clero-Secular_Regular, L.6423): ... marco de la pena **faladora**...




- **1752**, Catastro do Marqués de La Ensenada: aparece no interrogatorio da parroquia das Grañas do Sor ...marco de la **faladora** (ver imaxe)... e na dos Devesos ... monte da **faladora**...

REAL ACADEMIA GALEGA




- **1826**, *Diccionario geográfico-estadístico de España y Portugal* de Sebastián Miñano: "... la aísla del valle de Santa Marta la cordillera de la **Faladora**...".
- **1834**, *Colección legislativa de España*, vol.18, páx. 314: "... sigue hasta el sur por la división de aguas a los ríos Mera y Sor, por la cordillera de la **Faladora** hasta el monte Cajad...".
- **1835**, *Descripción geognóstica del Reino de Galicia*, de Guillermo Schultz: "En ella hay como en el terreno de transición grandes trechos de cuarcita v. gr. en la sierra de la **Faladora**...".
- **1843**, *Abrégé de géographie* (español). *Compendio de geografía universal: redactado bajo un nuevo plan, con presencia de los últimos tratados de paz y los descubrimientos más recientes*, por Adriano Balbi: "...sigue hacia el S. por la división de aguas a los ríos Mera y Sor por la cordillera de la **Faladora** hasta el monte Cajado."



- **1850**, *Diccionario de Madoz*: figura *sierra de la Faladora* na entrada Freires, que era daquela concello (hoxe parroquia de San Pablo); *cord. de la Faladora* en Devesos (San

REAL ACADEMIA GALEGA

Sebastián) e (río) Mera, que baja de la **Faladora**, na entrada da parroquia de Insua (San Xoán).



- **1855**, Moritz Willkomm: "Die halbinsel der Pyrenäen: eine geographische el Cuadramon, die S. Ganadorra, der Monte Cajado uns die Sierra **Faladora**".
- **1865**, *Historia de Galicia*, de Manuel Murguía: "... se ve igualmente acompañando a las pizarras arcillosas de Galicia, y en grandes masas en las sierras de la **Faladora**...".
- **1860**, *Los reyes suevos de Galicia*, de Benito Vicetto: "Desde entonces se llamó a la sierra, la sierra **Faladora**".

un resplandor levisimo de esta venganza; dice en su poesia rural, que aquella reina aun vivé, y que tiene minada toda la tierra, por cuyas entrañas vaga.

Cuando la llaman los comarcanos á cualquiera hora del dia ó de la noche, la reina les responde con un gemido dolorosísimo.

Desde entonces se llamó á la sierra, la sierra **Faladora.**

- **1867**, *Itinerario discriptivo militar de España*: "...Bares a Ferrol por el crucero de la **Faladora**...".
- **1869**, *Geografía histórico militar de España y Portugal*: "Situada en las faldas orientales de la sierra de la **Faladora**, ramal perpendicular que va a forma la punta de la Estaca de Vares en la misma ría del Barquero".

REAL ACADEMIA GALEGA

- **1880**, *La ilustración gallega y asturiana: Revista decenal ilustrada*, núm.11, páx. 13: "... se desprenden, siendo los más importantes la cordillera **Faladoira**, monte Cajado, el pico de 1» Torre, monte Bostelo y sierra...".
- **1881**, *Predominio de la estructura uniclinal en la Península Iberica*, de J. McPherson: "...al gneis suceden grandes masas de terrenos silurianos que forman las elevadas cumbres de la Sierra **Faladoira**".
- **1883**, *Anales de la Sociedad Española de Historia Natural*, Volume 12: "...a traves de la sierra Capelada y los últimos estribos de la **Faladoira**".
- **1891**, *Gran diccionario geográfico, estadístico e histórico de España*, de Rafael del Castillo: "...del Buyo, los Cabaleiros, el Penedo de Galo y la sierra de la **Faladora**, cuya extremidad forma la Estaca de Vares".
- **1892**, Bernardo Barreiro, no prólogo a *Crónicas de Ortigueira*, de Federico Maciñeira: "En Sierra **Faladoira**, en Mañón, en Capela hay noticias de curiosísimos munumentos...".
- **1895**, nun dos primeiros artigos de Federico Maciñeira sobre os dolmens desta serra, aparece mencionada como *Serra **Faladora***. Tamén noutros artigos titulados "*Pena **Faladora***" e "*Literatura popular das terras da **Faladora** e da Capelada*".
- **1897**, *Prosas varias*, de Vaamonde Lores: "**Faladora**".
- **1911**, *Cuentos de abades y de aldea*, de Prudencio Canitrot, no prólogo de Manuel Murguía: "Las Grañas del Sor y la Sierra **Faladoira** fueron campo abierto para él".
- **1917**, noticias de El Progreso (en Galiciana): "... situadas en las vertientes de la Sierra La **Faladora**, desde tiempo inmemorial recoge en los montes unas piedras...".



REAL ACADEMIA GALEGA

The screenshot shows the website of the Galician Digital Library (Biblioteca Dixital de Galicia) and the Xunta de Galicia. The search results page displays the title 'El Progreso : semanario independente: Año XI Número 2326 - 1917 setembro 6'. Below the title, there are navigation buttons for 'Anterior' and 'Seguinte'. The main content area shows a preview of a document page with text in Galician. The text discusses the Sierra de Faladora and mentions the use of coal in the region. The search interface includes a search bar with the text 'Busca a texto completo' and a magnifying glass icon.

- **1921**, *San Andrés de Teixido*, de Federico Maciñeira: "... finalmente, a lo largo de las crestas de la gran sierra **Faladora** y de sus contrafuertes, hasta sobre el promontorio...".
- **1927**, Revista Nós, nº 40, López Cuevillas tamén menciona a "Serra da **Faladora**".
- **1928**, *Geografía general de Reino de Galicia*, de Carré Aldao: "... especialmente en las feligresías de Grañas, Maañón y Riberas, porque la sierra **Faladora** cruza el término municipal de S. a N."
- **1931**, *Geografía descriptiva de la comarca de Ortigueira*, de Xulio Dávila: "**Faladora**".
- **1940**, Acta de deslinde entre os concellos de Ortigueira e Mañón (imaxes cedidas polo Instituto Xeográfico Nacional): aparece escrito á man *Sierra de la Faladora, Sierra Faladora, A Faladora, Cristo da Faladora...*


REAL ACADEMIA GALEGA

La línea de término entre este mojón y el anterior es la división de aguas de la sierra de la Faladora; la cual asciende en línea recta a este desde el mojón anterior.

La línea de término entre este mojón y el anterior es la división de aguas de la Sierra Faladora.

Está situado en la sierra de la Faladora y unos veintidós metros al S. del pico conocido por ese nombre en terreno de pastos del lugar del fincero propiedad de Cosmes.

Desde él se ve el vértice "Faladora" al N.E.



- 1947, Bares. *Puerto hispánico de la primitiva navegación occidental*, pág. 55: "Túmulo 34 según la clasificación de Maciñeira, sobre él un *cruceiro* monolítico de pizarra que alcanza unos 2 m de altura. Se conoce como Cristo da **Faladora** o Cruz de Alvar González".
- 1994, "Poetas con altos montes", en *Papeles que fueron vidas*, Tusquets, Barcelona, pág. 179, de Álvaro Cunqueiro: "En Galicia tenemos montes silenciosos, pero también los

REAL ACADEMIA GALEGA

tenemos sonoros. En el norte coruñés está la sierra que llaman **Faladora**, la Habladora, por lo que en ella, en sus rocas, canta el viento, y los mil ecos. El pasado verano, en términos de Porriño, cerca de Vigo, subí al monte da Pedra-que-Fala, al monte de la Piedra-que-Habla, y pude escuchar a ésta, dueña de una voz ronca e insistente y, sin embargo, sorprendentemente femenina y, si me lo permiten, erótica”.

Nun [artigo](#) de Bernardo Penabade, filólogo natural das Grañas do Sor, ofrece máis testemuños escritos da forma *Faladora*, a mesma que el defende, entre outras cousas, por ser a forma que usaba a xente de idade do concello de Mañón.

Considera que o cambio das formas primarias *A Pena Faladora* e *A Serra Faladora* por *Faladoira* se debe a Ramón Otero Pedraio, pois en 1926 emprega a forma *Faladoira* na súa *Guía de Galicia* (Madrid, Espasa Calpe). Pero esta hipótese de Bernardo Penabade non cadra co feito de que antes de que nacesse Otero Pedraio (1888) xa se rexistre *Faladoira* (1865, 1881, 1883) en mapas e documentos.

No século XX, a forma *Faladoira* foi utilizada por moitos escritores galegos: Isidro Parga Pondal, Xaquín Lorenzo, Augusto Pérez Alberti... Mesmo se volveu a forma predominante nos cenáculos galeguistas, seguramente porque o sufixo *-oira* ten un recendo máis enxebre.

No que respecta á presenza deste nome na toponimia maior do *Nomenclátor de Galicia* e na microtoponimia, claramente temos máis casos que presentan o sufixo *-oira*:

- **Entidades de poboación (1):** *Faladoira*, na parroquia de Goá, Cospeito. Ningún caso co sufixo *-ora*.
- **Microtoponimia:** **17** casos de *Faladoira* / **3** casos de *Faladora* (2 deles nesta mesma serra).

Concello	Parroquia	Aldea	Topónimo
CASTROVERDE	Montecubeiro (San Cibrao)		A Faladoira

REAL ACADEMIA GALEGA

Concello	Parroquia	Aldea	Topónimo
CASTROVERDE	Moreira (Santa María)		A Faladoira
CORGO (O)	Marei (Santa María)		A Faladoira
CORGO (O)	Pedrafita (San Miguel)	Pedrafita	A Faladoira
COSPEITO	Goá (San Xurxo)		A Faladoira
COSPEITO	Goá (San Xurxo)		Ponte da Faladoira
PONTENOVA (A)	Bogo (San Pedro)	Barreiros	A Faladoira
PONTENOVA (A)	Bogo (San Pedro)	Río de Campos	A Faladoira
PONTENOVA (A)	Bogo (San Pedro)	Río de Campos	Prados da Faladoira
PONTENOVA (A)	Bogo (San Pedro)	Barreiros	Rego da Faladoira
SARRIA	Barbadelo (Santiago)		A Faladoira
SARRIA	Calvor (Santo Estevo)	Perros	As Faladoiras
SARRIA	Goián (San Miguel)		A Faladoira
CASTRO CALDELAS	Camba (San Xoán)	Piñeiroá	As Faladoiras
CASTRO CALDELAS	Camba (San Xoán)	San Martiño	As Faladoiras
CASTRO CALDELAS	Trabazos (Santa Olaia)	Pola, A	As Faladoiras
MONTEDERRAMO	San Cosme de Montederramo (San Cosme)	Xestosa, A	A Faladoira

REAL ACADEMIA GALEGA

Concello	Parroquia	Aldea	Topónimo
MAÑÓN	As Grañas do Sor (San Mamede)		A Serra da Faladora
MAÑÓN	As Grañas do Sor (San Mamede)		Cristo da Faladora
VIVEIRO	Faro (San Xiao)	O Monte Faro	A Pena Faladora

Como se puido observar, tamén existe vacilación no uso do enlace **DA** entre o elemento xenérico e o específico deste topónimo: *A Serra Faladora / Faladoira* e *A Serra da Faladora / da Faladoira*. Cuestión que tamén se deberá ditaminar.

Desde o punto de vista gramatical e semántico, as dúas formas son correctas. *Faladora* contén o sufixo *-or/a* presente en adxectivos ou substantivos que achegan o significado de axente. Neste caso, atribúelle unha característica humana (“ser falador/a”) á pedra e, por extensión, á serra. Son moitas as pedras en Galicia con nomes semellantes referidos ao son que se produce nelas, ben sexa a causa do vento ou ben pola acción humana (eco, son metálico ao bater nun oco...): *A Pedra que Fala, A Pedra que Tanxe, A Pedra do Sino, A Pedra das Campás...* No entanto, a forma co sufixo *-oiro/a* está presente en substantivos co significado de ‘lugar onde’ ou ‘obxecto para’. De modo que, neste caso, podería dicirse que a pena ou a serra eran lugares onde se falaba. Tendo en conta isto, semella máis coherente a forma adxectiva *Faladora*.

Non podemos obviar o feito de que, non moi lonxe desta serra, temos os topónimos **A Escoitadoira**, que identifican entidades de poboación en Monfero e San Sadurniño, e **A Pena da Escoitadoira** (véxase a figura 2) como nome dun rochedo. Esta última denominación semella replicante da *Pena Faladoira / da Faladoira*; unha pena fala e a outra escoita.

A Escoitadoira está documentado desde o século XIII: *...et per Lama Montenelle et per Auscoltadoira en Castrelo per quomodo intrat in...* (CODOLGA, 1253, Pedroso); *aforamos todo o noso casal d’ Ascoytadoira, con todas suas herdades e chantados...* (TMILG, 1483, Santa Mariña

REAL ACADEMIA GALEGA

Monte). Isto tamén demostra que o sufixo -oira aparece desde moi antigo en topónimos semellantes ao que nos ocupa.




Figura 2. Captura de imaxe do visor de topónimos de Galicia Nomeada onde figura o microtopónimo recollido en campo polo PTG, A Pena da Escoitadoira, e o nome existente na cartografía da Xunta, Pena do Escoitadoiro.

Por outra banda, temos tamén o caso do topónimo paralelo **A Gañidoira**, que dá nome a un pico e a un porto de montaña na Serra do Xistral, no termo do concello de Muras; a unhas terras no concello de Bande; e, na súa forma plural, a unha entidade de poboación do concello das Pontes de García Rodríguez.

En latín existía o verbo GANNIRE co valor de ‘emitir certas voces algúns animais (cans, raposas, aves) e por extensión tamén humanos’. Aínda que os dicionarios galegos e portugueses só rexistran a voz “ganir”, hai constancia do uso da forma “gañir” no galego do Bierzo e de Asturias. É moi probable que no galego do interior tamén existise a forma co -ñ-, xa que a presenza dun iode en varias persoas do verbo (GANNIO, GANNIUNT, GANNIANT) xustificaría a xeneralización do -ñ-. Probablemente un “grañir” que documenta Novoneira no Courel, no Apéndice do *Diccionario* de Eladio Rodríguez sexa unha continuación dese GANNIER: “**Grañir** v. Aullar de los perros y las fieras, en tono agudo y delgado (Caurel)”.

Por tanto, o nome *A Gañidoira* estaría tamén motivado polo ruído do aire; sería ‘a que xeme, a que se queixa, a que ouvea’, a mesma personificación existente no topónimo *A Faladoira*.

REAL ACADEMIA GALEGA



Conclusións:

Á vista de todo o exposto, non resulta doado escoller entre unha forma e outra, pois as dúas son válidas no galego estándar e hai mostras abondo do seu uso oral e documental. Sen dúbida, os cartógrafos, os xeólogos e historiadores usaron os nomes que lles forneceron os informantes locais.

Certo é que a documentación consultada non é moi antiga, ademais de estar en castelán unha boa parte dela, polo que sería moi esclarecedor atopar atestacións deste topónimo na Idade Media. Pero, aínda así, non temos motivos para dubidar da autenticidade dos testemuños tanto de *Faladora* como de *Faladoira*.

De maneira que as dúas poderían ser válidas, mais debemos seguir as recomendacións do Grupo de Expertos en Nomes Xeográficos da ONU ([UNGEGN](#)) para a normalización dos nomes xeográficos, entre as que está o *principio de univocidade* ou *doutrina do topónimo único*, isto é, establecer unha única forma escrita de uso preferente para cada nome xeográfico.

Por tanto, aínda que se constata que na fala da zona ten maior presenza a forma *Faladora* (forma que se considera igualmente lexítima), o Seminario de Onomástica fundamentou a escolla das formas **A Serra da Faladoira** e **A Pena Faladoira** nos seguintes criterios:

REAL ACADEMIA GALEGA

- Cando conviven dúas realizacións dun mesmo topónimo, mantense a forma máis conservadora, ao igual que se fai coa normativización da toponimia oficial do *Nomenclátor* de Galicia;
- O sufixo *-oiro/oira* está ben documentado en toda a Idade Media, mentres que *-or* tardou en desenvolver unha variante feminina e foi invariable moito máis tempo (cf. *senhor* nos nosos cancioneros);
- A forma *Faladoira* xa conta cunha tradición escrita consolidada na cartografía das últimas décadas.

